



## Facultade de Ciencias da Educación

### Presentación da Facultade

A Facultade de Educación é a escola de escolas: unha institución pública ao servizo de todas as persoas interesadas na mellora continua da educación e dos servizos sociais. Trátase dun centro universitario que se asenta sobre a historia dos centros de formación de mestres/as, educadores/as sociais e traballadores/as sociais, pero tamén sobre a historia do ensino e dos servizos sociais.

É unha facultade, polo tanto, que tenta incorporar todos os medios técnicos posibles, pero sen renunciar a un pasado que se constrúe sobre o esforzo colectivo dos profesionais e da cidadanía.

Os cambios respecto ao presente son considerables. Pero hai algo que unha facultade de educación debe contribuír a que se mantéña: o espírito solidario dos veciños/as e a percepción da escola como propia, como asunto da comunidade.

Agardo que as persoas que elixen esta facultade para realizar os seus estudos teñan esa mentalidade de pertenza a un grupo que constrúe o futuro colectivo da educación e dos servizos sociais.

A oferta educativa para o próximo curso no Centro é:

#### Catro títulos de Grao:

- GRADO EN EDUCACIÓN INFANTIL
- GRADO EN EDUCACIÓN PRIMARIA
- GRADO EN EDUCACIÓN SOCIAL
- GRAO EN TRABALLO SOCIAL

#### Catro títulos de Máster:

- Master en Dificultades de Aprendizaxe e procesos cognitivos
- Master en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos
- Master en Investigación Psicosocioeducativa con Adolescentes en Contextos Escolares
- Master en Profesorado de Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino dos Idiomas (especialidades de Orientación, Xeografía, Historia, Humanidades, Matemáticas e Tecnoloxía) Por outra banda, durante os últimos anos, a Facultade de Empresariais e Turismo, potenciou, de forma considerable a participación dos estudantes en programas de mobilidade.

Para obter máis información visita a nosa páxina web

<http://webs.uvigo.es/educacion-ou/web/index.php>

### Equipo Decanal

O Equipo Decanal está composta polos seguintes membros:

#### Decana:

D<sup>a</sup> María del Mar García Señorán

**Vicedecanos/as:**

D. Ramón Ángel Fernández Sobrino

D<sup>a</sup> María del Carmen Ricoy

D. Xosé Manuel Cid Fernández

D.<sup>a</sup> María del Pino Díaz Pereira

**Secretario:**

D. Antonio González Fernández

---

**Localización****LOCALIZACIÓN DA FACULDADE.****Dirección postal:**

Facultade de Ciencias da Educación

R/. Doctor Temes, s/n 32004 Ourense

A Facultade de Ciencias da Educación atópase no denominado Edificio Facultades ou Edificio de Ferro, contando ademais con outros espazos docentes situados nos pavillóns 1 e 2.

**Directorio telefónico:**

Conserxería: 988 387 101

Secretaría alumnado Graos : 988-387-168, 98- 387-194, 988-36-890

Secretaría alumnado Mestrados: 988 368 893

Decanato: 988-387-159

**Correo electrónico:**

Secretaría alumnado: secexbo@uvigo.es

Secretaría Decanato: sdexbo@uvigo.es

---

## Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obligatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Especialidade (Ourense): Orientación Educativa

---

**Materias****Curso 1**

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
002M066V06101	Orientación e Función Titorial	1c	3.5
002M066V06102	Desenvolvemento Psicolóxico da Aprendizaxe no Ensino Secundario	1c	4.5
002M066V06103	Deseño Curricular e Organización de Centros Educativos	1c	4.5
002M066V06104	Sistema Educativo e Educación en Valores	1c	3.5

002M066V06105	Orientación Base Legal, Composición, Planes e Programas	1c	4
002M066V06106	Diagnóstico e Evolución da Competencia Curricular	1c	4
002M066V06107	A Innovación e a Investigaición Educativa como Factores para a Mellora e o Asesoramento Escolar	1c	6
002M066V06252	A Atención á Diversidade e a súa Intervención	2c	4
002M066V06253	A Convivencia nos Centros de Secundaria e o Traballo dende Departamento de Orientación	2c	4
002M066V06254	Formación Académica e Profesional	2c	4
002M066V06301	Prácticas Externas	2c	12
002M066V06401	Traballo Fin de Master	2c	6

**DATOS IDENTIFICATIVOS****Orientación e Función Titorial**

Materia	Orientación e Función Titorial			
Código	O02M066V06101			
Titulación	Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Especialidade (Ourense): Orientación Educativa			
Descritores	Creditos ECTS 3.5	Sinale OB	Curso 1	Cuadrimestre 1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento				
Coordinador/a	González Fontão, María del Pilar Ocampo Gomez, Camilo Isaac			
Profesorado	González Fontão, María del Pilar Ocampo Gomez, Camilo Isaac Ojea Rúa, Manuel Rodríguez Rodríguez, Juan Luís			
Correo-e	mpfontao@uvigo.es cocampo@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral				

**Competencias de titulación**

Código	
A1	Coñecer os contidos curriculares das materias relativas á especialización docente correspondente.
A2	Coñecer o corpo de coñecementos didácticos ao redor dos procesos de ensino e aprendizaxe respectivos.
A3	Planificar, desenvolver e avaliar o proceso de ensino e aprendizaxe potenciando procesos educativos que faciliten a adquisición das competencias propias dos respectivos ensinos, atendendo ao nivel e formación previa dos estudantes, así como á orientación dos mesmos, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro.
A4	Buscar, obter, procesar e comunicar información (oral, impresa, audiovisual, dixital ou multimedia), transformala en coñecemento e aplicala aos procesos de ensino e aprendizaxe nas materias propias da especialización cursadas.
A5	Contextualizar o currículo que se vaia a implantar nun centro docente participando na planificación colectiva do mesmo.
A6	Deseñar e desenvolver metodoloxías didácticas tanto grupais como personalizadas, adaptadas á diversidade dos estudantes.
A7	Deseñar e desenvolver espazos de aprendizaxe, con especial atención á equidade, a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, a formación cidadá e o respecto aos dereitos humanos que faciliten a vida en sociedade, a toma de decisións e a construción dun futuro sustentable.
A8	Adquirir estratexias para estimular o esforzo do estudante e promover a súa capacidade para aprender por se mesmo e con outros e desenvolver habilidades de pensamento e de decisión que faciliten a autonomía, a confianza e iniciativas persoais.
A10	Deseñar e realizar actividades formais e non formais que contribúan a facer do centro un lugar de participación e cultura na contorna no que está situado.
A11	Desenvolver as funcións de tutoría e orientación dos estudantes de maneira colexiada.
A12	Participar na avaliación, investigación e a innovación dos procesos de ensino e aprendizaxe, comunicando as súas conclusións e as razóns que as sustentan á comunidade educativa e outros profesionais da educación.
A15	Informar e asesorar ás familias achega do proceso de ensino e aprendizaxe e sobre a orientación persoal, académica e profesional dos seus fillos.
A18	Aplicar os coñecementos adquiridos e a capacidade de resolución de problemas a contornas educativas novas ou pouco coñecidos.

A19	Coñecer as características dos estudantes, os seus contextos sociais e motivacións.
A20	Comprender o desenvolvemento da personalidade destes estudantes e as posibles disfuncións que afectan a aprendizaxe.
A21	Elaborar propostas baseadas na adquisición de coñecementos, destrezas e aptitudes intelectuais e emocionais.
A22	Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxes.
A23	Coñecer os procesos de interacción e comunicación na aula e no centro, abordar e resolver posibles problemas.
A24	Coñecer a evolución histórica do sistema educativo no noso país.
A25	Coñecer e aplicar recursos e estratexias de información, tutoría e orientación académica e profesional.
A26	Promover accións de educación emocional, en valores e formación cidadá.
A27	Participar na definición do proxecto educativo e nas actividades xerais do centro atendendo a criterios de mellora da calidade, atención á diversidade, prevención de problemas de aprendizaxe e convivencia.
A28	Relacionar a educación co medio e comprender a función educadora da familia e a comunidade, tanto na adquisición de competencias e aprendizaxe como na educación no respecto dos dereitos e liberdades, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.
A29	Coñecer a evolución histórica da familia, os seus diferentes tipos e a incidencia do contexto familiar na educación.
A30	Adquirir habilidades sociais na relación e orientación familiar.
A31	Coñecer e aplicar recursos e estratexias de educación no respecto e valor da diversidade lingüística e as súas implicacións educativas.
A36	Coñecer os desenvolvementos teórico-prácticos do ensino e a aprendizaxe das materias correspondentes.
A37	Transformar os currículos en programas de actividades e de traballo.
A42	Coñecer e aplicar propostas docentes innovadoras no ámbito da especialización cursada.
A43	Analizar críticamente o desempeño da docencia, das boas prácticas e da orientación utilizando indicadores de calidade.
A44	Identificar os problemas relativos ao ensino e a aprendizaxe das materias da especialización e expor alternativas e solucións.
A48	Dominar as destrezas e as habilidades sociais necesarias para fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e a convivencia.
A49	Participar nas propostas de mellora nos distintos ámbitos de actuación a partir da reflexión sobre a práctica.
B1	Utilizar bibliografía e ferramentas de procura de recursos bibliográficos xerais e específicos, incluíndo o acceso por Internet.
B2	Xestionar de forma óptima o tempo de traballo e organizar os recursos dispoñibles, establecendo prioridades, camiños alternativos e identificando erros lóxicos na toma de decisións.
B3	Potenciar a capacidade para o traballo en contornas cooperativas e pluridisciplinarias

### Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Tipoloxía	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Comprender os conceptos de orientación e de tutoría así como as súas relacións coa función docente.	saber saber facer	A1 A2 A5
Valorar a importancia da orientación e da tutoría no ensino en secundaria.	saber saber facer Saber estar / ser	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7
Sensibilizar ó profesorado da necesidade de participar activamente na orientación e tutoría sistemática dos seus alumnos/as.	saber saber facer	A42 A43 A44 A48 A49 B3
Coñecer as principais referencias legislativas relacionadas coa orientación e a tutoría.	saber saber facer	B1 B2
Comprender a organización e a estrutura do Plan de Acción Titorial para un centro de enseñanza.	saber saber facer	A3 A5 A6 A11
Delimitar as funcións, tarefas, contidos e destinatarios da intervención titorial.	saber saber facer	A3 A5 A6 A11

Coñecer algunhas técnicas e instrumentos de traballo a empregar na realización da labor tutorial.	saber saber facer	A10 A11
Informar e asesorar ás familias respecto do proceso de ensino-aprendizaxe dos seus fillos así como a orientación persoal, académica e profesional que precisen.	saber saber facer Saber estar / ser	A15 A30
Coñecer os conceptos e procedimentos básicos do ámbito disciplinar.	saber saber facer Saber estar / ser	A1 A2
Dispoñer dunha fundamentación teórica que permita comprender os aspectos sobre os que debe de asentarse a orientación e a función tutorial.	saber saber facer Saber estar / ser	A1
Construír unha base de coñecementos, actitudes, destrezas e habilidades técnico-profesionais para o desenvolvemento da función tutorial.	saber saber facer Saber estar / ser	A1 A2
Coñecer e tomar conciencia da lexislación reguladora sobre a orientación e a función tutorial.	saber saber facer	A5 A6 A11 A12 B1
Ser capaz de identificar e aplicar os elementos principais do plan de acción tutorial.	saber saber facer Saber estar / ser	A6 A7 A8 A36 A37
Ser capaz de traballar en grupo cos membros da comunidade educativa e con equipos interdisciplinares/multidisciplinares.	saber facer Saber estar / ser	A48 A49 B2 B3
Dispoñer de habilidades sociais e ser capaz de aplicar estratexias para a resolución de conflitos.	saber saber facer Saber estar / ser	A18 A19 A20 A21
Ser capaz de abordar e resolver problemas de disciplina na aula.	saber saber facer Saber estar / ser	A6 A11 A12 A22 A23 A24 A25 A26 A27
Ser quen de promover e manter a comunicación coa familia e o entorno.	saber saber facer Saber estar / ser	A28 A29 A30 A31
Ser capaz de deseñar e aplicar programas de atención ó alumnado e á diversidade, así como de apoio ás familias.	saber saber facer Saber estar / ser	A26 A27 A28 A29 B1 B2

## Contidos

Tema	
Bases conceptuais do ámbito disciplinar.	Bases conceptuais do ámbito disciplinar.
Bases lexislativas da orientación e función tutorial.	Bases lexislativas da orientación e función tutorial.
Diagnóstico, prevención e intervención nas dificultades de aprendizaxe e da atención á diversidade.	Diagnóstico, prevención e intervención nas dificultades de aprendizaxe e da atención á diversidade.
Programas e estratexias de intervención para a atención á diversidade.	Programas e estratexias de intervención para a atención á diversidade.
Medidas de atención á diversidade e adaptacións curriculares.	Medidas de atención á diversidade e adaptacións curriculares.
Deseño e desenvolvemento do Plan de Acción Tutorial. Estratexias e técnicas de orientación na tutoría.	Deseño e desenvolvemento do Plan de Acción Tutorial. Estratexias e técnicas de orientación na tutoría.

A participación das familias en centros e a súa orientación. A participación das familias en centros e a súa orientación.

<b>Planificación</b>			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	12	24	36
Resolución de problemas e/ou exercicios	14	20	34
Traballos tutelados	1	13.5	14.5
Outros	0	2	2
Actividades introductorias	1	0	1
Outras	0	0	0
Resolución de problemas e/ou exercicios	0	0	0
Traballos e proxectos	0	0	0

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

<b>Metodoloxía docente</b>	
	Descrición
Sesión maxistral	Aportacións teóricas.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Realización de exercicios.
Traballos tutelados	Traballo materia.
Outros	Dossier.
Actividades introductorias	Actividades introductorias.

<b>Atención personalizada</b>	
Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	A atención personalizada ao alumnado farase fundamentalmente a través de: Titorización presencial: No despacho do profesorado ou por teléfono en horario de titorías. Titorización vía correo electrónico: dúbidas sobre a realización de traballos, actividades, exames, etc. Teleformación coa plataforma Faitic: para comunicados/avisos, entrega de documentos/materiais, envío de actividades/exercicios, etc.
Traballos tutelados	A atención personalizada ao alumnado farase fundamentalmente a través de: Titorización presencial: No despacho do profesorado ou por teléfono en horario de titorías. Titorización vía correo electrónico: dúbidas sobre a realización de traballos, actividades, exames, etc. Teleformación coa plataforma Faitic: para comunicados/avisos, entrega de documentos/materiais, envío de actividades/exercicios, etc.

<b>Avaliación</b>		
	Descrición	Cualificación
Outras	Participación directa nas clases. Asistencia e participación.	20
Resolución de problemas e/ou exercicios	Actividades de aula: Organización, calidade e coherencia do conxunto do contido e da posta en común (cando proceda), e entrega en prazo.	40
Traballos e proxectos	Traballo da materia: Presentación, estrutura, calidade do contido, orixinalidade, innovación, actualización documental, e entrega en prazo.	40

### **Outros comentarios sobre a Avaliación**

- Para acadar unha **avaliación continua positiva**, dada a modalidade de ensino presencial do Master, esíxese a todo o alumnado unha asistencia presencial dun mínimo do 80% das sesións (admisible a falta do 20% das horas) ademais da realización e entrega de tarefas ponderables.

- Os prazos de entrega das actividades, traballos, etc. serán comunicados o primeiro día de clase coa presentación do programa da materia. É necesario respetalos estrictamente para ser cualificados na avaliación continua.

- O alumnado que **non obteña unha avaliación continua positiva** sobre os parámetros expostos anteriormente, poderá presentarse a unha proba escrita (data marcada no calendario do mestrado para exames oficiais) sobre todos os contidos traballados. Esta proba estará baseada na rigurosidade e profundización dos coñecimentos e competencias acadadas polos alumnos/as na materia e terá una ponderación de 10 puntos (100% de la nota final).

### **Bibliografía. Fontes de información**

























